



NOVA CONCESIÓN DE USO DAS HORTAS MUNICIPAIS DE FONTIÑAS

A Xunta de Goberno Local, celebrada o día 28 de abril de 2017, aprobou a revogación das autorizacións do uso das hortas municipais do parque de Cotaredo (Fontiñas) ao cumprirse o prazo máximo de uso de catro anos e establece un novo prazo para formular solicitudes de nova concesión segundo as disposicións recollidas na Ordenanza reguladora do uso de hortas municipais e de outorgamento das súas autorizacións de usos (publicada no BOP 112 de 16/05/2008).

Tal e como dispón a Ordenanza, proponse establecer como prazo para formula-las solicitudes de nova concesión de uso das hortas municipais de Fontiñas, o que abrangue **dende o día 2 de maio ao 30 de maio** (ámbolos dous incluídos).

Os solicitantes deberán presenta-la seguinte documentación:

- O impreso da solicitude debidamente cuberto (ANEXO 1)
- Fotocopia do DNI do solicitante.

A documentación deberase presentar:

- No Rexistro Xeral do Concello (rúa Presidente Salvador Allende, 4 – baixo).
- Centro Sociocultural do Ensanche (rúa Frei Rosendo Salvado, 14 -16 baixo).
- Segundo o disposto no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reparto e sorteo das hortas será realizado nun acto público que será convocado por medio de anuncios na prensa e na web do Concello.